

# PROXECTO: "RE-CREANDO O NOSO PATIO"


## OBXECTIVO XERAL:

Proposta de conversión dos nosos patios en espazos de aprendizaxe vivos, dinámicos, motivadores e creativos, onde o noso alumnado experimente vivencias que contribúan a estimular a súa aprendizaxe, enriquecendo as súas experiencias e relacións en contacto directo coa natureza, creando zonas verdes e recuperando a flora nos espazos do centro.

Este proxecto é un proxecto a longo prazo, un proxecto de conversión da nosa escola no centro que todos queremos para os nosos nenos e nenas, creando un espazo para eles e elas no que aprender sexa un proceso gozoso, motivador, atractivo e estimulante. É por isto que o traballo, o esforzo, a implicación e a ilusión de toda a comunidade educativa neste proceso é un ingrediente indispensable, traballando man a man co mesmo obxectivo, colaborando, cooperando, creando escola, porque...

*"Xuntos/as, somos escola".*

## PROPOSTA DE TRANSFORMACIÓN



## ACTUACIÓNS REALIZADAS NO 1º TRIMESTRE:

- ✓ Identificación de necesidades.
- ✓ Planificación das zonas de actuación.
- ✓ Formación do profesorado en colaboración coa cooperativa Miudinho.
- ✓ Cuestionario para docentes, familias e alumnado.
- ✓ Reflexión conxunta con alumnado por medio da elaboración de planos, maquetas, propostas...
- ✓ Mellora dos espazos comúns internos do centro: pintado de paredes, eliminación de elementos obsoletos, iluminación e inclusión de elementos naturais.

## ACTUACIÓNS INMEDIATAS:

Trátase dun proxecto aberto, un proceso de cambio aberto a escoitar ás achegas de toda a comunidade educativa e centrado en atender as demandas e as necesidades do alumnado, o profesorado e as familias, para así acadar unha transformación significativa e enriquecedora. Isto supón que as actuacións a desenvolver deban ser definidas detidamente, analizando as posibilidades reais dos espazos actuais e as posibilidades reais de cambio e mellora de cada un destes espazos.

*Paseniño...*

### ZONA DE TRAVESÍA (PRIMARIA):

Proxecto de instalación dun rocódromo de travesía horizontal para o alumnado de Primaria ilustrado cun mural pintado sobre o muro amosando os montes de Vigo.



**ZONA DE TRAVESÍA (INFANTIL):** Actuación pendente de atopar a proposta máis axeitada para o espazo

Proxecto de instalación de zonas de escalada e travesía para o alumnado de Infantil adaptadas ás características e posibilidades de movemento dos nenos e nenas nestas idades temperás.



**ZONA DE MOVEMENTO:**

Instalación dunha lomba de terra con túnel para estimular o movemento e a locomoción do alumnado durante o xogo.



**ZONA DE HORTA ESCOLAR:**

Proposta de acondicionamento da horta escolar, espazo actualmente fóra de utilización dadas as súas malas condicións, creando unha zona de horta na que o alumnado poda traballar e achegarse ao proceso da sementado e recollida de produtos da terra.



**AGORA**



**PROXECTO**



Un proceso de cambio tan significativo como este precisa unha serie de tarefas previas, un acondicionamento dos espazos que permita a realización de todas estas actuacións, un proceso que implica a colaboración de todos/as.

É por iso que desde o centro queremos invitarvos a colaborar, hai gran cantidade de tarefas nas que as familias podedes poñer a voso gran de area nas tarefas máis próximas que se realizarán e para nos sería un pracer traballar conxuntamente.

## **TAREFAS PRÓXIMAS A REALIZAR**



- ✓ **PREPARACIÓN DO TERREO PARA A INSTALACIÓN DO ROCÓDROMO:** rebaixar o terreo para cumprir coas medidas de de seguridade, eliminación de malas herbas, colocación de xabre

- ✓ **ACONDICIONAMENTO DO INVERNADOIRO:**  
eliminación de malas herbas, limpeza do espazo, organización e ordenación da instalación...

## **ACTUACIÓNS VENIDEIRAS:**

No proxecto do centro acóllense ademais unha serie de propostas a realizar nos diferentes espazos do centro, propostas que precisan dunha detida planificación, o que require tempo e un traballo meticuloso. A continuación, recóllense algunhas destas propostas a modo de exemplificación:

### **ZONA DE RELAXACIÓN:**



### **ZONA DE ASEMBLEA E AULA EXTERIOR:**



## ZONA DE ARTE:



## ZONA DE TERRA E AREA:



## ZONA DE XOGOS TRADICIONAIS:



## ZONAS VERDES:



# GRAZAS FAMILIAS!